



# I N S T R U C C I Ó N S

**Non cubra os epígrafes sombreados, AGÁS O NÚMERO DE AFILIACIÓN A MUFACE cando o posúa. Neste caso, presente o Documento de Afiliación, por se procedese a súa actualización.**

- **DATOS PERSOAIS**
  - Cumpríménteos coa maior claridade para evitar erros de interpretación.
- **DATOS PROFESIONAIS**
  - O “Código numérico do Corpo” está constituído polas catro últimas cifras do Número de Rexistro Persoal. Se o descoñece, deixe a casa en branco.
  - Como “Ministerio de destino” no período de prácticas consigne o que lle corresponda, se xa o tivese asignado; noutro caso, indique o Ministerio do que dependa o centro de formación que organiza as prácticas.
  - No suposto de destino no estranxeiro, consigne o país na casa “Provincia de destino”.
  - No caso de destino alleo a Ministerio ou Comunidade Autónoma, consigne o Ministerio ou Comunidade Autónoma do que dependa ou co que se relacione a Entidade na que preste servizos.
- **CLASE DE SOLICITUDE**
  - Marque con X a cuadrícula correspondente á súa “Situación administrativa”. Teña en conta que a situación de “Expectativa de destino” asimílase a “Servizo activo” e lembre que se a súa situación é “En prácticas”, tan pronto como finalicen e obteña destino deberá comunicar a MUFACE os seus novos datos profesionais.
- **ENTIDADE MÉDICA ELIXIDA**
  - Actúe tal como indica o propio epígrafe do impreso.
  - As Entidades médicas que pode elixir publícanse no “BOE” antes da entrada en vigor de cada Concerto. En caso de dúbida, informaranlle en MUFACE.
  - Toda a información referida ao Concerto de asistencia sanitaria pódese consultar na páxina Web de MUFACE.
- **PRESENTACIÓN**
  - As solicitudes dirixíranse ao Servizo Provincial de MUFACE ou Oficina Delegada de adscrición, podendo presentarse en calquera dos rexistros ou oficinas aos que alude o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
  - Con carácter xeral considerarase que o Servizo Provincial de adscrición virá determinado en función da localidade de destino para os mutualistas en servizo activo e pola de residencia para aqueles que non se atopen en tal situación. Os mutualistas destinados no exterior quedarán adscritos á Oficina Delegada para o Persoal no Exterior
  - En caso de cambio de destino ou domicilio que orixine cambio de unidade de MUFACE competente, DEBE DIRIXIRSE Á CORRESPONDENTE AO SEU NOVO DESTINO OU DOMICILIO.
  
- Debe ter en conta que a firma da solicitude de Alta SUPÓN a responsabilidade que diso poida derivarse en caso de inexactitud, e sen prexuízo de que MUFACE poida solicitarlle os documentos correspondentes para comprobar a certeza dos datos.

**MOI IMPORTANTE. - É necesario que os mutualistas comuniquen á Mutualidade as variacións que se produzan nos seus datos persoais e profesionais, polo que puidese afectar á súa relación co Mutualismo Administrativo.**